

Tras a entrada en vigor da Lei de pesca de Galicia e do Decreto 15/2011, resulta necesario axustar as modalidades de pesca establecidas actualmente para o cambio temporal, coa finalidade de dar cabida a novas artes permitidas, e que neste momento non existen nos permisos de explotación. Neste período, mentres que non se incorporen as novas modalidades de pesca nos permisos de explotación, resulta necesario modificar a Orde do 26 de outubro de 2004 e adaptala á nova situación.

Por outra banda, a vinculación que se establece en moitos plans de pesca, dos topes de captura co número de tripulantes enrolados e a bordo das embarcacións, que neles participan, fai necesario que no momento de realizar o despacho telemático indiquen o número de tripulantes reais para coñecer o esforzo real que está a realizar a frota pesqueira.

Por todo o anterior, logo das consultas co sector e por proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños da Consellería do Mar,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modificación da Orde do 26 de outubro de 2004 pola que se regula a alternancia de artes para embarcacións que pesquen en augas da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Orde do 26 de outubro de 2004 pola que se regula a alternancia de artes para embarcacións que pesquen en augas da comunidade autónoma, queda modificada como segue:

Un.-O artigo 2º ter substitúese polo seguinte:

«Artigo 2º ter: cambios temporais de modalidade.

1. A dirección xeral competente en materia de pesca e marisqueo poderá autorizar cambios temporais a modalidades ou artes de pesca distintas ás que figuran no permiso de explotación, en función do estado dos recursos e das características estruturais das embarcacións, por un período de tempo non superior a seis meses. Non obstante, en casos excepcionais e sempre que o estado dos recursos o permita, estas autorizacións poderán prorrogarse, por solicitude da persoa interesada, por unha soa vez, e por un período de tres meses. Deberá transcorrer, polo menos, un período de seis meses, entre unha autorización de cambio temporal con prórroga incluída, e a seguinte autorización.

2. Durante o período de vixencia desta autorización temporal poderán utilizarse tanto a nova modalidade autorizada temporalmente, como as artes que figuren no permiso de explotación, sempre que o despacho sexa tramitado segundo o procedemento establecido.

3. Poderanse solicitar cambios de modalidade temporal a calquera arte ou aparello regulado no Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, agás para as

modalidades de pesca que neste decreto teñan limitado o número de embarcacións autorizadas existentes no momento da súa entrada en vigor.

En ningún caso se outorgarán cambios de modalidade temporal a artes ou aparellos que estean dirixidos a especies sometidas a plans de xestión ou recuperación, e para aquelas que alcancen unha elevada porcentaxe de capturas totais admisibles (TAC) ou cando se peche a pesqueira polo esgotamento do TAC».

Dous.-Engádeselle unha alínea f) ao o artigo 7º que queda redactado como segue:

«f) Cando o número de tripulantes enrolados, sexa condicionante para determinar o número de artes ou o cupo de capturas, indicárase o seu número que estarán enrolados durante o emprego da modalidade de pesca declarada. No caso de producirse unha variación no número de tripulantes, xa sexa por baixa ou alta, deberá rexistrarse unha nova declaración de alternancia, aínda que se manteña a mesma modalidade de pesca».

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2011.

Rosa Mª Quintana Carballo
Conselleira do Mar

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 31 de marzo de 2011 pola que se regulan os prezos privados aplicables pola cesión temporal de instalacións para actividades formativas por parte da Academia Galega de Seguridade Pública.

O artigo 50º da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, dispón que «son prezos privados as contraprestacións que obteñan os suxeitos a que se refire o artigo 3º desta lei pola prestación de servizos ou a realización de actividades efectuadas en réxime de dereito privado cando, prestando tamén tales servizos ou actividades o sec-

tor privado, sexan de solicitude voluntaria por parte dos administrados».

Así mesmo, o artigo 51º da citada lei establece que os prezos privados serán fixados polas consellerías correspondentes, atendendo ás condicións e circunstancias do mercado en que operen, e publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude, vista a proposta formulada pola Academia Galega de Seguridade Pública e logo do informe favorable da Consellería de Facenda, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-*Obxecto e ámbito de aplicación.*

1.1. Esta orde ten por obxecto o establecemento dos prezos que se aplicarán pola cesión temporal das instalacións da Academia Galega de Seguridade Pública para actividades académicas ou culturais non contrapostas aos fins desta institución.

1.2. Os prezos que se aproban nesta orde pola cesión temporal de instalacións non serán de aplicación para as actividades organizadas pola Administración autonómica, excepto cando a participación na actividade de que se trate estea sometida a dereitos de inscrición. Neste caso aplicaranse os prezos que se establecen no artigo 2º desta orde.

1.3. Todos os prezos se entenderán co IVE incluído.

Artigo 2º.-*Cesión temporal de instalacións.*

2.1. Apróbanse os prezos que se detallan a continuación para a cesión temporal de espazos da Academia Galega de Seguridade Pública:

Dependencia	Prezo por día €
Aulas	154,13
Aulas con medios informáticos	244,13
Auditorium	353,18
Auditorium con medios informáticos	553,18
Residencia:	
-Aloxamento por cuarto	33,67
-Con almorzo incrementábase, por persoa, o aloxamento	3,00
-Con media pensión incrementábase, por persoa, o aloxamento	10,50
-Con pensión completa incrementábase, por persoa, o aloxamento	16,50
Pista práctica conducións todo terreo	2.005,00

2.2. O horario de uso será:

a) Dos espazos, das 8.30 ás 20.30 horas, de luns a venres.

b) Da residencia, entrada ata as 14.00 horas; saída ata as 13.00 horas.

2.3. O aboamento destes prezos terá que facerse efectivo cunha antelación mínima de 48 horas á utilización do espazo cedido, agás a residencia, que se realizará á saída.

2.4. A cesión e o uso das instalacións e da residencia e comedor estarán sometidos ao cumprimen-

to das normas de xestión interna das instalacións.

2.5. Os prezos de instalacións que figuran neste artigo inclúen:

a) No caso das instalacións, os custos relativos a persoal de apoio e persoal técnico para a prestación dos servizos de carácter informático ou audiovisual, cando así se requiran e calquera que sexa o día da semana en que se produza a cesión.

b) No uso da residencia os da limpeza e acondicionamento diario dos cuartos.

Artigo 3º.-*Actualización dos prezos.*

Os prezos regulados nesta orde actualizaranse o un de xaneiro de cada ano, na mesma proporción que a variación interanual experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para o conxunto nacional total (IPC, base 2006), no mes de novembro, calculado polo Instituto Nacional de Estatística. Os prezos así actualizados deberanse facer públicos mediante resolución da persoa titular da Dirección da Academia Galega de Seguridade Pública, que será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial Galicia*.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2011.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Decreto 71/2011, do 7 de abril, polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción Adaptación da estrada AC-301, ao Plan de baixa IMD mellorada, no municipio de Rois. (Clave AC/08/070.02).

Con data do 20 de xaneiro de 2011 a Dirección Xeral de Infraestruturas resolveu aprobar o proxecto de construción Adaptación da estrada AC-301, ao Plan de baixa IMD mellorada, nos municipios de Rois. (Clave AC/08/070.02).

A xustificación da urxencia de ocupación dos bens e dereitos precisos para a execución desta actuación ven motivada pola necesidade de ensanchar e acon-